



ID: 3853

O Xurado Provincial de Clasificación de Montes veciñais de Pontevedra, dictou a seguinte **RESOLUCIÓN**:

**ASISTENTES**

**PRESIDENTE**

D. Gonzalo Constenla Bergueiro  
(Delegado Provincial da Consellería do Medio Rural)

**VOCAIS**

D. Víctor Abelleira Argibay  
(Avogado polo Colexio da provincia)  
Dna. M<sup>a</sup> Jesús Novoa Suárez  
(Letrado da Asesoría Xurídica da Xunta)  
D. Jesús de la Fuente Villar  
(Xefe do Servizo de M.I.F.)

**VOCAIS REPRESENTANTES DO LUGAR DE BUSTELO, CONCELLO DE SILLEDA**

D. Albino Dobalo Lareo  
D. José M<sup>a</sup> Saa Fernández

**SECRETARIO**

D. José M<sup>a</sup> Muiños Mayoral

Na cidade de Pontevedra, sendo as dezasete horas do día oito de novembro do 2007, coa asistencia das persoas ó marxe reseñadas, reúnese na 3<sup>a</sup> planta do edificio sito no nº 47 da rúa Benito Corbal o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común ó obxecto de decidir sobre a clasificación do monte "Outeiro", do lugar de Bustelo, do concello de Silleda

**ANTECEDENTES DE FEITO**

**PRIMEIRO.-** Con data de entrada 07/05/04, D. Albino Dobalo Lareo e outros, en representación dos veciños do lugar de Bustelo, do concello de Silleda, presenta solicitude de iniciación de expediente de clasificación do monte denominado "Outeiro" como veciñal en man común para os veciños do lugar de Bustelo, acompañando informe técnico e pericial, describindo o monte, identificación, superficie, ocupacións e lindeiros

**SEGUNDO.-** Subsanadas determinadas eivas e fallas advertidas pola Administración, o Xurado Provincial de Montes en Man Común acordou, na súa sesión de 31/05/06, incoar o correspondente expediente de clasificación do devandito monte



**TERCEIRO.-** O rexistrador da propiedade de Lalín, certifica con data 12/06/06, que o monte solicitado non aparece inscrito a nome de persoa algunha.

**CUARTO.-** Á vista da documentación aportada polo solicitante e o informe do Servizo de M.I.F. o monte obxecto do presente expediente, obedece á seguinte descrición:

**CONCELLO: SILLEDA**

**PARROQUIA: ESCUADRO**

**LUGAR: BUSTELO**

**NOME DO MONTE: "Outeiro"**

**Cabida:** 6438 M/2 (superficie alegada na solicitude)

**Lindes:**

**Norte:** Predios particulares de Jesusa Barreiro Estévez e camiño

**Sur:** Predios particulares de Jesusa Barreiro Estévez, Leonisa Diéguez Troitiño e Antonio Barreiro Estévez

**Leste:** Predios particulares de Jesusa Barreiro Estévez e camiño

**Oeste:** Camiño

**QUINTO.-** Feita-las comunicacións do artigo 23 do Decreto 260/1992, do 4 de setembro, e aberto período de audiencia, presentaron alegacións Dna. Dionisia Diéguez Otero e Dna. Jesusa Barreiro Estévez, que se dan por reproducidas e obrantes no expediente administrativo

### FUNDAMENTOS DE DEREITO

**Primeiro:** O Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común ten a competencia para coñecer os expedientes de clasificación dos montes que teñan tal carácter a tenor do establecido no artigo 9 da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común.

**Segundo.-** De conformidade có artigo 1 da Lei 13/1989 do 10 de outubro, de montes veciñais en man común, e no artigo 1 do Decreto 240/1992 do 4 de setembro comprende por montes veciñais en man común "*... os terreos radicados na Comunidade Autónoma de Galicia que con independencia da súa orixe, as súas posibilidades productivas, o seu aproveitamento actual e a súa vocación agraria pertencen a agrupacións veciñais na súa calidade de grupos sociais e non como entidades administrativas, e os veñan aproveitando consuetudinariamente en réxime de comunidade, sen asignación de cuotas, os membros daquelas na súa condición de veciños*".

Así, segundo abundosa xurisprudencia, o feito que xustifica a clasificación ou non como vecinal dun determinado monte, en vía administrativa, é a circunstancia de terse ou non demostrado o aproveitamento consuetudinario en man común, prescindindo das cuestións relativas á propiedade e demais dereitos reais.



**Terceiro.-** As alegacións presentadas por Dna. Dionisia Diéguez Otero, non poden ser admitidas, por canto:

Non é certo que se debera notificarlle persoalmente a iniciación do procedemento de clasificación, por canto o rexistro da propiedade de Lalín certificou con data 12/06/06, que o monte que trae obxecto do presente expediente de clasificación non se atopa inscrito a nome de persoa algunha, polo que non é de aplicación os artigos 10.2 da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común e 23 do Decreto 260/1992

Tampouco cabe acoller a outra alegación de Dna. Dionisia Diéguez Otero, propoñendo proba, xa que no trámite de Audiencia, publicado no DOG de data 14/08/06 faise mención expresa a “... *pon en coñecemento de tódolos interesados ... así como presentar cantas alegacións, documentos ou informacións estimen convintes e, de ser o caso, propoñer proba concretando os medios de que pretendan valerse...*” a pesares do tempo transcurrido, non se propuxo por parte da interesada ningunha proba, nin aportou ningún tipo de documento que poidera acoller as súas pretensións

**Cuarto.-** En canto ás alegacións de Dna. Jesusa Barreiro Estévez, tampouco poden ser acollidas, por canto fala dunha superficie irreal do monte que demostraría cun informe pericial, informe que non chegou a aportar no presente procedemento

**Quinto.-** O uso en man común do monte “Outeiro”, tense suficientemente acreditado tanto pola documentación aportada polo solicitante, como polo informe do Servizo de Montes e Industrias Forestais de data 27/12/05 que conclue con “ .... *que o monte é aproveitado de forma comunal dende tempos remotos*”

En consecuencia, vista a Lei galega 13/1989, do 10 de outubro, de Montes Veciñais en Man Común e o seu Regulamento, aprobado por Decreto 260/1992, do 4 de setembro, e demais preceptos legais e regulamentarios de xenérica e específica aplicación, proponse polo Instructor e de maneira unánime o Xurado **ACORDA:**

**CLASIFICAR** como veciñal en man común o monte denominado “Outeiro”, a prol dos veciños do lugar de Bustelo, do concello de Silleda, de acordo coa descripción reflectida no feito cuarto e a planimetría elaborada ó efecto polo Servizo de Montes e Industrias Forestais que forma parte inseparable da presente Resolución

Contra a presente Resolución que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso de reposición con carácter potestativo perante o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra no prazo dun mes, ou ben interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do



Contencioso-Administrativo de Pontevedra no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ó da presente notificación, de acordo co disposto no artigo 116 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, e nos artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa





*Alcino Gata*

*José Paz*

*[Handwritten signatures]*

SITUACION Escala 1:10.000



*Manuel Sobal*  
*José Soto*  
*[Signature]*



<p>5 m. 0.00 m. 5 m. 10 m. 15 m.</p>	<p>DATA : xaneiro-2008</p>	<p>Nº DA FOLLA :</p>	<p>OBSERVACIONES :</p> <p>Este documento realizouse montando os planos que constan no expediente. Atendendo as indicacións da proposta de clasificación.</p>	<p>TRABALLO : PLANO DE CLASIFICACION</p>	<p><b>XUNTA DE GALICIA</b>          CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE          SERVIZO DE MONTES-DELEGACIÓN DE PONTEVEDRA</p>
	<p>AUTOR : TOPOGRAFÍA</p>	<p>ESCALA : 1/500</p>		<p>121-76</p>	




13

FOLLA 121

FICA

DISTRIBUCIÓN E ÁMBITO



CONCELLO DE SANTIAGO		CONCELLO DE TOURO		CONCELLO DE TOURO	
11					
BOQUEIXON		BOQUEIXON		BOQUEIXON	

**XUNTA** CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRI  
 OBRAS PÚBLICAS E VIVIENDA